

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 29 DE NOVEMBRO DE 2017

Lista de asistentes

Presidenta
Reboreda Morillo, Susana (coordinadora de calidade)
Secretario
Adolfo Fernández Fernández
Representante do PAS
Cadilla Lomba, Josefina T.
Coordinadora de Grao
Vaquero Díaz, Beatriz
Coordinadores de Mestrado
Pérez Losada Fermín
Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural
Comendador Rey, Beatriz
Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade
PDI
Barriocanal López, Yolanda
Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)
Estudantes
Galiña Lorenzo, Juan Manuel
Souto Castro, Iria (3º ciclo)
Estudantes egresados
Marta López López
Membros da sociedade
Díaz Naya, Rosa M^a

Desculpan a súa ausencia
López Díaz, María
Eguileta Franco, José María
Garrido Labrador, Begoña

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade, o mércores 29 de novembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior (21 de setembro de 2017)
2. Informe da Decana
3. Debate e valoración sobre a realización dun plan estratéxico da Facultade de Historia.
4. Informe e debate sobre os resultados das enquisas de satisfacción do curso 2016/17.
5. Debate e planificación das accións de calidade a desenvolver no Centro.
6. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación da acta anterior (21 de setembro de 2017).

Apróbase por unanimidade.

2. Informe da Decana.

En primeiro lugar, a decana dá a benvida aos novos membros a esta primeira comisión de calidade coa nova estrutura saída das eleccións á Xunta de Facultade. A continuación informa sobre os seguintes asuntos:

- Logrouse sobrepasar en trece alumnos a cifra estipulada pola Xunta de Galicia para a primeira matrícula. A Decana sinala que levábase varios anos sen alcanzar o número mínimo de alumnos en 1º por primeira vez e isto supón, ao tempo, unha alegría e unha presión engadida para vindeiros cursos. Este éxito debeuse probablemente ao éxito da campaña de difusión tanto na modalidade presencial como semipresencial, que é un pulo importante para a Facultade. A idea é reforzar as facilidades para esta última, como as gravacións das aulas que se suben a plataforma.

- Está a piques de rematar o período de mandato do actual equipo decanal, e ten a intención de presentarse á reelección cun equipo conformado por Adolfo Fernández (Vicedecano) e Josefina Cadilla (Secretaria). A idea é seguir coa liña marcada no anterior equipo. A data prevista para a elección será o vindeiro 14 de decembro. Previamente, fixéronse eleccións á Xunta de Centro cubríndose todos os postos e renovándose todas as comisións, información que pronto será pública na web. Esta tarefa de actualización da información pública vai ser desenvolvida en parceria entre os novos bolseiros de informática e a empresa Arinfo.

- Este ano o Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio pasará o proceso de acreditación. Nesta ocasión non haberá unha persoa de apoio específica, como no caso do grao, senón que contamos co apoio da área de apoio aos centros e departamentos. Sinalase que o proceso para introducir os datos solicitados na plataforma da ACUG "Avalia" é semellante ao do grao. Vai ser unha acreditación un tanto estraña xa que o vindeiro ano entrará en vigor a modificación do título, polo que acreditaremos un título que está en proceso de extinción. Algo similar aconteceu co grao que estaba en pleno proceso de implantación da remodelación.

- Neste intre estamos elaborando o Informe de Revisión pola Dirección. Antonio Presedo, colaborador de Calidade, expón que cada ano o centro ten que levar a cabo un informe sobre o curso anterior. Ata agora eran dous os informes que había que facer, o informe de seguimento de cada título e o mencionado de Revisión pola Dirección que era do centro. Isto supuña un alto grao de repetición polo que desde a Área de Calidade optouse por simplificar e eliminar o informe de seguimento, excepto se a Xunta de Galicia o solicita.

- Lembra que na anterior Xunta de Centro se aprobou tamén o presuposto para o vindeiro ano.

3. Debate e valoración sobre a realización dun plan estratéxico da Facultade de Historia.

Un dos aspectos relacionados co Sistema de Calidade dos centros é o Plan Estratéxico. No nosos caso carecemos del, en principio estabamos a espera de que a UVigo renovara o seu, que está caducado desde hai varios anos. Antonio Presedo sinala que no proceso de Certificación nos recomendaron elaborar este Plan. Non é que o centro careza de liñas estratéxicas, tal e como se tratou o curso pasado na Comisión de Calidade, pero este non aparece formalizado nun proceso relacionado coa Calidade.

Nesta nova etapa que vaise iniciar no goberno da Facultade, propónse elaborar un Plan Estratéxico. Aos membros da Comisión parécelles unha boa medida polo que se levará como orde do día nunha futura Comisión.

Beatriz Vaquero propón ir avanzando na redacción dos apartados básicos e propios do Plan propio da Facultade e, unha vez aprobado o Plan da UVigo, adaptarse nos apartados máis xerais. Os membros da CC mostran a súa conformidade con esta estratexia.

4. Informe e debate sobre os resultados das enquisas de satisfacción do curso 2016/17.

A decana sinala que aínda están traballando na análise dos resultados, xa se pode adiantar algún aspecto destacable. Antonio Presedo sinala que foron máis baixos que no curso anterior, cun retroceso de 4 décimas na satisfacción global.

Juan Galiña, representante de alumnos, pregunta en que consiste estas enquisas e Antonio Presedo e Susana Reboreda explican algúns dos items da enquisa de valoración: recursos materiais, instalacións, títulos, organización do centro, calidade da docencia, etc. Son un total de 23 items valorados do 1 ao 5. A media do ano pasado non alcanza o 3 sendo unha das máis baixas do Campus de Ourense. Nunha primeira vision foron as infraestruturas (aulas e laboratorios) os peor valorados onde non se chega ao 2. As cualificacións dos dous mestrados son mellores que as do grao. Tamén son as cualificacións dos alumnos do plan vello que os do plan novo.

Ao respecto, Juan Galiña sinala que o estado da aula 07 é deficiente: fría, faltan cadeiras acolchadas, enchufes...etc. Tamén Josefina Cadilla sinala as deficiencias nas aulas da planta baixa, ao igual que Antonio Presedo. A Decana informa que o ano pasado se retiraron varias tarimas, pero que calquera reforma require un orzamento elevado, polo que soamente se poden acometer algunhas melloras cada ano. A Decana sinala que estas cuestións non dependen do orzamento da Facultade e que todos os anos se insiste ao vicerreitorado melloras neste sentido. Este ano novamente se seguirá neste liña para intentar que se acometan as melloras.

A decana sinala que é nos mes de marzo cando se fai esta enquisa de satisfacción de xeito telemático, que se participe nelas e o resultado é de suma importancia para a Facultade. Na próxima Comisión de Calidade traeranse, inserido no informe de Revisión pola Dirección, os resultados das enquisas con máis detalle cun análise exhaustivo das mesmas.

5. Debate e planificación das accións de Calidade a desenvolver no Centro.

Infórmase que neste curso imos abordar a acreditación do mestrado en Xestión, Valoración e Protección de Patrimonio, como xa se comentou con anterioridade. Infórmase aos novos membros da reforma do máster que se vai implantar no curso 2018-2019. En relación con este título, Adolfo Fernández, secretario da CAM, sinala que este ano cubríronse as prazas quedando fora unha ducia de alumnos.

Outro eixe de traballo é incluír as suxestións que se nos fixeron desde a certificación e que dependan do centro para incorporalos ao Plan de Melloras. Nesta liña está tamén a elaboración xa comentada do Plan Estratéxico. Aqueles aspectos que se nos valoraron positivamente como a información pública, por exemplo a visibilización do contidos das actas coas actas na web coa Timeline seguirán manténdose. Outro obxectivo é continuar coa simplificación da Calidade co obxectivo de aumentar a efectividade e facilitar a aplicación do Sistema.

Outro obxectivo no que temos menos poder de manobra se refire ao mestrado interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, onde se detectan certas deficiencias difíciles de cambiar. Por exemplo o acceso á plataforma docente da USC onde os/as alumnos/as matriculados/as pola UVigo non poden acceder. Estes aspectos non favorece a matrícula do estudantado pola UVigo. No entanto cubríronse tammén todas as prazas deste mestrado.

6. Rolda de intervencións.

Beatriz Vaquero, coordinadora da materia de Prácticas Externas, informa sobre un asunto referente á documentación de prácticas. Como todos os anos, este curso se recolleu toda a documentación do estudantado en prácticas (o informe da formalización, o do titor da entidade de acollemento, o do titor do centro, o do estudante, a nota académica e o certificado) e levouse á administración (secretaría de alumnado) para o seu arquivo. Como houbo un troco no funcionamento administrativo, Amalia Pérez Cabanal, a xefa de área, indicoulle á Coordinadora que este ano isto só se ía recoller o informe de prácticas e o certificado. Perante isto Beatriz Vaquero indicoulle que deste xeito se ía quebrar toda a serie da documentación de prácticas salvándose só dous documentos e que os restantes quedaban nun limbo. Sinala que desde un punto de vista arquivístico é inasumible considerando que esta documentación tiña que seguir sendo arquivada. Logo desta conversa, púxose en contacto coa arquiteira da UVigo expoñéndolle o problema nos seguintes termos:

Se hai documentación que non vai ser conservada porque temos que molestar a titores, empresas...etc., para que traian os documentos orixinais? Se estes documentos seguen a existir, quen e onde se van arquivar? Na Facultade? Na persoa responsable de prácticas? Cando en realidade tiña que ser custodiada nun arquivo publico e de acceso publico. A Arquiteira da Univesridade está de acordo con Beatriz Vaquero e estase a buscar unha solución ao problema. A coordinadora sinala que todo isto é parte da idea da progresiva eliminación da documentación en papel fronte ao arquivo dixital.

Josefina Cadilla sinala o mesmo e afonda na problemática. O que pode acontecer e que se perda o arquivo o que levaría a perda definitivamente desta documentación.



Beatriz Vaquero sinala ademais que calquera escaneo dun documento non é mais cunha copia ao non levar os metadatos incluídos. Terían que estar todos asinados dixitalmente.

Continúase coa discusión con varias reflexións ao respecto de varios membros da Comisión de Calidade, que manifestan o seu acordo coa Coordinadora.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:05

A decana

O secretario

Susana Reboreda Morillo

Adolfo Fernández Fernández